

Expediente núm.: 1001/2024

Procedemento: Contrato de suministro de vehículo retroescavadora de segunda man.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Á vista dos seguintes antecedentes:

Expediente	Procedemento	Resolución	Data
139/2024	Subvención da -Vicepresidencia Primera e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deporteao abeiro da Orde 28 de decembro de 2023, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (códigos de procedemento PR483A, PR483B, PR483C e PR483D).	Concesión de 32.524,60 euros	7 de xuño de 2024

Sendo necesaria a realización de suministro dun vehículo retroescavadora mixta de segunda man para a realización de actuacións relacionadas coa protección e acondicionamento do espazo natural, cun orzamento total de 32.524,60€ (IVE do 21 % incluído), ascendendo o IVE: 5.644,77€ e o presuposto sen IVE a 26.879,83€.

Visto que o proxecto financiarase nun 100% (IVE engadido) en virtude da subvención concedida pola Xunta de Galicia ao abeiro da Orde do 28 de decembro de 2023 (Diario Oficial de Galicia número 17, do 24 de xaneiro) pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024.

Á vista das características e do importe do contrato propónse a adxudicación mediante procedemento aberto súper simplificado, de conformidade co previsto no artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Visto que con data 28 de agosto de 2024, emitíuse Informe de Intervención sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

Visto que con data 28 de agosto de 2024 emitíuse Informe por Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.



Visto que, segundo a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ao non superar o valor estimado do contrato o 10% dos recursos ordinarios do orzamento vixente, corresponde a competencia á Alcaldía, a cal se atopa delegada na Xunta de Goberno Local por Resolución de 25 de xuño de 2023.

Atendendo ás dificultades que poidan ter os licitadores para subministrar o vehículo retroescavadora mixta, obxecto do contrato, no prazo no que preceptivamente ten que executarse o contrato para xustificar antes do 31 de outubro de 2024 a subvención do Fondo de Compensación Ambiental que o financia.

Considerando de interese municipal a pronta adxudicación deste contrato e non podendo convocar á Xunta de Goberno Local nun período breve de tempo, por imposibilidade de reunir a todos os seus membros e á Secretaria da Corporación, dado o período vacacional inminente.

Á vista de canto antecede e de conformidade co establecido na citada disposición adicional Segunda LCSP, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, pola presente,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Avocar a competencia de Alcaldía en materia de contratación, previamente delegada na Xunta de Goberno Local (Decreto Alcaldía núm. 2023-0228) polos motivos sinalados no corpo expositivo desta Resolución, en relación con este expediente, en base ao establecido no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

SEGUNDO. Aprobar o expediente de contratación de subministración, mediante procedemento aberto súper simplificado e tramitación ordinaria, convocando a súa licitación, da subministración dun vehículo retroescavadora mixta de segunda man con cargo á subvención do Fondo de Compensación Ambiental da Xunta de Galicia para o ano 2024.

TERCEIRO. Aprobar o gasto correspondente:

Exercicio: 2024

Aplicación orzamentaria: 1720.62400

Importe: 32.524,60€ (IVE engadido)

CUARTO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.

QUINTO. Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante do Concello das Neves, na Plataforma de contratación de Estado, co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

SEXTO. Publicar no perfil de contratante do Concello das Neves, na Plataforma de contratación do Estado, toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas.

SETIMO. A Mesa de contratación estará integrada polas persoas que se especifican na Cláusula Décimo sétima do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares. Publicar a súa



composición no Perfil do Contratante do Concello das Neves na Plataforma de Contratación do Estado.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

